

“CAMBIA A PERSPECTIVA”

 PARTICIPACIÓN POR DEREITO	 TEMA	 FINALIDADE DA ACTIVIDADE	 DURACIÓN	 MATERIAIS	 OBXECTIVOS
	Que é un dereito e que é a Convención sobre os Dereitos do Neno?	Facer pares de fotos similares cambiando o ángulo ou editándoas de maneira diferente unha doutra	45-60'	Cámaras de fotos (de móbil ou outras)	Coñecer que é un dereito e a Convención sobre os Dereitos do Neno Reflexionar sobre a relación entre dereito e necesidade

**OLA,
EQUIPO
EDUCATIVO!**
SABÍAS QUE...

os dereitos téñense polo simple feito de ser seres humanos xa que son as necesidades que se precisan para desenvolverse plenamente?

Outra cousa é que se cumpran ou non. E aí é onde entra en acción a participación. Saber que temos dereitos e cales son é a primeira condición para poder exercelos e defendelos. A infancia que coñece os seus dereitos e sabe como reclamálos, pode contar con máis ferramentas e habilidades para denunciar a súa vulneración e denunciar malos tratos ou abusos, polo que a participación configúrase tamén como unha ferramenta de autoprotección.

Os Dereitos da Infancia están recollidos na “Convención internacional sobre os Dereitos do Neno” (CDN) que se asinou en 1989. É o tratado internacional máis ratificado da historia. E ao ser unha “convención” e non unha “declaración” supón que é vinculante para os Estados que a asinaron, é dicir, de obrigado cumprimento.

**OLA, MOZAS E MOZOS!
INVITÁMOVOS A...**

que deades un paseo pola rúa para sacar fotos que representen diferentes dereitos. Podédelo facer por parellas ou pequenos grupos.

- ➔ 1º Elíxide entre todo o grupo que dereitos queredes retratar. Para iso tedes a axuda da Convención sobre os Dereitos da Infancia. Podédelo atopar en moitos sitios de internet e tamén en papel. Aquí deixámosvos unha [ligazón](#)

- ➔ 2º Despois facede pequenos grupos e tedes que dar un paseo polos arredores para facer fotos dobres que sexan 2 perspectivas diferentes para un mesmo dereito:

unha foto de como é ese dereito para a persoa adulta.

e outra foto de como é ese dereito para unha nena ou neno.

- ➔ 3º O cambio de perspectiva pode ser de diferentes formas: cambiando a posición, variando o ángulo, modificando a cor, enfocando obxectos diferentes, etc.

Podémosvos un exemplo: se queredes representar o dereito a un medio ambiente saudable, a foto desde a perspectiva adulta podería ser o horizonte do ceo con contaminación e a perspectiva dunha nena ou neno podería ser un tubo de escape dun coche, cambiando a altura.

- ➔ 4º Darvos un tempo, incluso varios días, e despois xuntádevos para poñelas en común e...

...para reflexionar

- ➔ Creedes que se cumpren ou non se cumpren os dereitos para todas as mozas e mozos por igual? Por que?
- ➔ Para que é importante que se coñezan os dereitos da infancia e da adolescencia?
- ➔ Creedes que coñecer os vossos dereitos pode axudar a protexervos? Por que?
- ➔ Que persoas coñecen máis a Convención? E menos? Por que?

A propoñer!

- ➔ Que se podería facer para que todo o mundo coñecese os dereitos da infancia e da adolescencia?
- ➔ Que faría falta para que se cumprisen para toda a infancia e adolescencia por igual?

Acordádevos de recoller opinións e propostas na ficha de conclusións e facérmolas chegar! [Link excel](#)

E as fotos se queredes, tamén! Subíndoas ao cartafol do Drive que crearemos para o voso grupo.

Suxerencias para adaptar a actividade

- ➔ Poden editar as fotos poñendo un hashtag en cada unha delas: aos pares de fotos ou a todas as fotos feitas por igual para todo o grupo.
- ➔ Pódese organizar unha presentación posteriormente con todas as fotos (como unha exposición presencial ou un vídeo para difundir) para dar a coñecer os dereitos da infancia e da adolescencia.

**SE QUERDES SEGUIR COÑECENDO E
OPINANDO SOBRE A PARTICIPACIÓN, BOTADE
UNHA OLLADA ÁS OUTRAS ACTIVIDADES!**

“FALA MOITO QUE EU CHE ESCOITO”

PARTICIPACIÓN POR DEREITO 	 TEMA	 FINALIDADE DA ACTIVIDADE	 DURACIÓN	 MATERIAIS	 OBXECTIVOS
	Cales son os artigos da CDN sobre participación?	Facer unha dinámica na que dúas persoas falen á vez para ver as dificultades de expresarse e ser escoitadas	45-60'	Cronómetro e CDN	Coñecer o artículo da CDN relacionado coa participación Reflexionar sobre o que significan os diferentes dereitos de participación da CDN

**OLA,
EQUIPO
EDUCATIVO!**
SABÍAS QUE...

non existe un artigo específico que fale sobre a participación infantil na Convención sobre os Dereitos do Neno? [Ligazón](#)

Pero si está considerada como un principio fundamental e hai diversos artigos que se vinculan aos elementos imprescindibles para exercer o dereito á participación:

- ➔ **Art. 12. Dereito á liberdade de opinión.** E os Estados asinantes teñen que garantir que esta opinión sexa escoitada e tida en conta.
- ➔ **Art. 13. Dereito á liberdade de expresión.** Inclúe a liberdade de buscar, recibir e difundir información e ideas por escrito, oralmente, de forma artística ou calquera outra.
- ➔ **Art. 14. Dereito á liberdade de pensamento, conciencia e relixión.**
- ➔ **Art. 15. Dereito á liberdade de asociación** e á liberdade de celebrar reunións pacíficas. Débense facilitar ferramentas para ter unha presenza social organizada que poida facer de interlocutora entre o Estado e a sociedade.
- ➔ **Art. 17. Dereito a unha información adecuada,** adaptada e entendible.

**OLA, MOZAS E MOZOS!
INVITÁMOVOS A...**

que xoguedes a un xogo para ver como nos comunicamos.

- ➔ 1º Tedes que elixir a dúas persoas que se ofrezan voluntarias para falar. Teñen que poñerse xuntas mirando cara ao resto do grupo.
- ➔ 2º Propoñédelles un tema para falar. Debe ser un tema fácil e cotián, por exemplo que nos conten como celebraron os seus últimos aniversarios, que series lles gustan máis e por que, etc.
- ➔ 3º Cando empece o tempo deben empezar a falar durante 1 minuto sen parar! e á vez!
- ➔ 4º O resto do grupo tentaredes decatarvos do que están a falar e fixarvos en todo o que fan para facerse oír.
- ➔ 5º Cando se acabe o tempo, ponse en común o que entendestes e que vos chamou máis a atención. As “persoas falantes” deben contar como se sentiron e que dificultades atoparon.
- ➔ 6º Despois botade unha ollada á CDN (podedes utilizar esta [ligazón](#) ou calquera outra CDN que coñezades ou que teñades en formato papel) e buscade que artigos relaciónanse con opinar, escoitar, expresarse e informarse.
- ➔ 7º Despois podedes abrir un coloquio...

...para reflexionar

- ➔ Que é o máis difícil de opinar e de informase?
- ➔ Creedes que estas accións teñen que ver con participar? Por que?
- ➔ Por que creedes que é importante que se vos escoite e poder expresaros libremente?
- ➔ Por que creedes que non hai un artigo específico sobre participación na CDN?

A propoñer!

- ➔ Como poderíades dar mellor a vosa opinión? E para que vos escoiten?
- ➔ Como debería ser a información que se dá á infancia?

Acordádevos de recoller opinións e propostas na ficha de conclusións e facérolas chegar! [Link excel](#)

Suxerencias para adaptar a actividade

- ➔ Pódense facer tantas roldas do xogo como se queira cambiando as parellas e o tema, incluso incluíndo a máis persoas que falen á vez.
- ➔ Se a algunha moza ou mozo resúltalle molesto o ruído que se xera, pódense poñer límites en canto a volume e mesmo facelo con xestos.

**SE QUEREDES SEGUIR COÑECENDO E
OPINANDO SOBRE A PARTICIPACIÓN, BOTADE
UNHA OLLADA ÁS OUTRAS ACTIVIDADES!**